CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
06 MAY. 2024 16:56:06
Entrada 24046

# Pregunta sobre o uso de herbicidas con glifosato nas estrads de titularidade estatal

| | |
|---|---|
| Competencia | Competencias de la Cámara |
| Subcompetencia | Control e información |
| Tipo Expediente | 184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita. |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

**Á MESA DO CONGRESO**

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao uso de herbicidas químicos na N-547 e na A-54.**

Nos pasados días os servizos de mantemento das estradas N-547 e A-54, de titularidade estatal, procederon a esparexer herbicidas químicos nas súas marxes. O uso de produtos químicos nas beiravías de forma masiva non está recomendado pois as substancias son arrastradas coa auga e a chuvia e acaban filtrándose no nivel freático e chegando aos ríos, con consecuencias negativas para a fauna, a flora e tamén cun risco elevado de afectar aos mananciais e pozos de consumo humano.

A maioría dos herbicidas son químicos e conteñen na súa composición glifosato, unha substancia, que tal e como recolle na súa páxina o MITECO, está proposto para formar parte da nova lista de substancias prioritarias da Directiva Marco de Augas. A Administración estatal xa a ten identificado como contaminante específico de conca nos Plans Hidrolóxicos. O propio Ministerio de Transición recoñece que a análise dos datos recabados sobre o glifosato nos últimos 5 anos evidencian que pode supor un risco nas augas superficiais.

Non ten sentido que o mesmo Goberno que recoñece a perigosidade destas substancias e que fai controis sobre a súa presenza nas augas e concas hidrográficas utilice herbicidas de forma indiscriminada para evitar o medre da maleza nas beiravías das estradas. Existen alternativas aos herbicidas químicos para o control da vexetación non desexada, como son os métodos

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
06 MAY. 2024 16:56:06
Entrada 24046

mecánicos o térmicos que, ademais de ser máis respectuosos co medio natural e menos contaminantes, permiten xerar emprego.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Que herbicida utilizou o Ministerio de Transportes na pasadas semanas nas cunetas e beiravías da N-547 e A-54? Contiña glifosato? Que sistema de aplicación utiliza para o seu esparexemento?

2. Por que o Ministerio segue a utilizar herbicidas químicos para o mantemento das estradas e o control da maleza a pesar de que é considerado unha substancia contaminante e de alto risco para a saúde das persoas polo propio Ministerio de Transición Ecolóxica? Dará algunha instrución para prohibir o seu uso?

3. Vai deixar de utilizar glifosato e outros herbicidas químicos e apostar pola limpeza mecánica que, ademais de máis respectuosa co medio, permite xerar postos de traballo?

Madrid, a 6 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**

06 MAY. 2024 16:56:06 Entrada: 24046

**A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al uso de herbicidas químicos en la N-547 y en la A-54.**

En los pasados días los servicios de mantenimiento de las carreteras N-547 y A-54, de titularidad estatal, procedieron a esparcir herbicidas químicos en sus márgenes. El uso de productos químicos en los arcenes de forma masiva no está recomendado pues las sustancias son arrastradas con el agua y la lluvia y acaban filtrándose en el nivel freático y llegando a los ríos, con consecuencias negativas para la fauna, la flora y también con un riesgo elevado de afectar a los manantiales y pozos de consumo humano.

La mayoría de los herbicidas son químicos y contienen en su composición glifosato, una sustancia, que tal y como recoge en su página el MITECO, está propuesto para formar parte de la nueva lista de sustancias prioritarias de la Directiva Marco de Aguas. La Administración estatal ya lo ha identificado cómo contaminante específico de cuenca en los Planes Hidrológicos. El propio Ministerio de Transición reconoce que el análisis de los datos recabados sobre lo glifosato nos últimos 5 años evidencian que puede suponer un riesgo en las aguas superficiales.

No tiene sentido que el mismo Gobierno que reconoce la peligrosidad de estas sustancias y que hace controles sobre su presencia en las aguas y cuencas hidrográficas utilice herbicidas de forma indiscriminada para evitar el crecimiento de la maleza en los arcenes de las carreteras. Existen alternativas a los herbicidas químicos para el control de la vegetación no deseada, como

06 MAY. 2024 16:56:06 Entrada: 24046

son los métodos mecánicos o térmicos que, además de ser más respetuosos con el medio natural y menos contaminantes, permiten generar empleo.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Qué herbicida utilizó el Ministerio de Transportes en las pasadas semanas en las cunetas y arcenes de la N-547 y A-54? Contenía glifosato? ¿Qué sistema de aplicación utiliza para su esparcimiento?

2. ¿Por qué el Ministerio sigue utilizando herbicidas químicos para el mantenimiento de las carreteras y el control de la maleza a pesar de que está considerado una sustancia contaminante y de alto riesgo para la salud de las personas por el propio Ministerio de Transición Ecológica? Dará alguna instrucción para prohibir su uso?

3. Va a dejar de utilizar glifosato y otros herbicidas químicos y apostar por la limpieza mecánica que, además de más respetuosa con el medio, permite generar puestos de trabajo?

Madrid, a 6 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

06 MAY. 2024 16:56:06 Entrada: 24046